

PROVINCIA DE
LUGO
ECLIPSE TOTAL 2026

un lugar **único**
para un momento
inesquecible

Durante o solpor do **mércores 12 de agosto de 2026** terá lugar a **primeira eclipse total de Sol visible desde a península Ibérica en máis dun século.**

En Galicia seremos os primeiros en vela en España, xa que a eclipse cruzará a península de oeste a leste.

Lugo será un dos mellores lugares de España onde ver a eclipse, xa que en case a totalidade da provincia será visible como eclipse total.

Inicio da eclipse	Inicio da totalidade	Máximo da eclipse	Fin da totalidade	Fin da eclipse
19:30h aprox	20:27h aprox	20:28h 20:29h	20:29h aprox	21:20h 21:22h



eclipse.deputacionlugo.org



DEPUTACIÓN
DE **LUGO**

Medio ambiente e Protección Civil | Turismo

Rúa San Marcos, 8
LUGO 27001 Lugo
982 260 000
deputacionlugo.gal

PROVINCIA DE
LUGO
ECLIPSE TOTAL 2026

un lugar **único**
para un momento
inesquecible



12
AGOSTO
2026



DEPUTACIÓN
DE **LUGO**

eclipse.deputacionlugo.org

un evento
astronómico
excepcional
visible ao solpor



Prepárate para un momento histórico: a eclipse total do 12 de agosto de 2026

Protexe os teus ollos, o entorno e aos demais

Goza da eclipse de forma segura na Provincia de Lugo

un evento astronómico excepcional visible ao solpor

evolución da eclipse

A provincia de Lugo queda plenamente dentro da franxa xeográfica na que a eclipse será total, non só parcial. Iso significa que veremos o fenómeno completo:

- 1. Inicio parcial:** o Sol comeza ocultarse. Ocurrirá ao atardecer, co Sol baixo, a uns 10-12° sobre o horizonte.
- 2. Fase parcial avanzada:** baixada brusca da luz, leve descenso da temperatura ambiente e silencio na natureza, como se todo se detivera
- 3. Totalidade:** o Sol queda completamente cuberto, aparición da **coroa solar**, esa atmósfera ardente que só se ve nas eclipses totais. A duración da totalidade será aproximadamente de **un minuto e medio** (das máximas en España), suficiente para unha experiencia completa e espectacular.

**Os horarios exactos e os tempos varían lixeiramente segundo o Concello.*

consellos da observación

- Busca espazos abertos e elevados con horizonte oeste despexado
- Evita zonas con obstáculos (montañas, edificios)
- Segue as indicacións das autoridades

En caso de desprazamento...

- Planifica o desprazamento con antelación e evita zonas saturadas
- Chega con antelación suficiente
- Respecta sinalización e cortes de tráfico. Non bloquees accesos nin vías de emerxencia

Prevención de lumes forestais

- Lume cero, riso cero: en agosto (época de risco alto de incendios) está estrictamente prohibido facer lume
- Non arrojes cabichas nin residuos
- Non aparques sobre vexetación seca
- Mantén limpo o entorno
- Se detectas fume ou lume, chama inmediatamente ao 085 ou ao 112

consellos de saúde

- Usa protección solar
- Mantente hidratado/a
- Protéxete da calor
- NON mires directamente o Sol sen un filtro solar aprobado. A luz solar sen protección adecuada pode causar danos irreversibles na retina
- Usa gafas homologadas que cumpran a norma EN ISO 12312-2:2015. Non deben utilizarse con instrumentos ópticos (prismáticos, telescopios, cámaras)



Se planificas ben a túa observación e protexes os teus ollos, terás **una experiencia celestial**